

Tema 5. OS MUSULMÁNS NA PENÍNSULA IBÉRICA (ETAPAS POLÍTICAS E REALIDADE SOCIOECONÓMICA)¹

***Conceptos destacados: MOZÁRABE / TAIFAS**

ORIENTACIÓNS DA ABAU:

Nesta pregunta o alumnado debería inscribir a chegada dos musulmáns á Península no contexto de enfrontamentos internos da monarquía visigoda e no ímpeto expansivo do Islam. A continuación deberá citar as diferentes etapas políticas de Al-Andalus, e referirse á súa realidade socioeconómica, mencionando as características básicas da economía, facendo unha breve referencia ao grao de urbanismo e destacando a gran heteroxeneidade étnica e relixiosa da sociedade andalusí.

O concepto “musulmán” fai referencia a unha persoa que profesa o Islam. Non o podemos confundir con árabe que é unha lingua, compartida por moitos musulmáns e, tamén, unha etnia orixinaria da Península de Arabia onde se iniciou o Islam. Hai musulmáns non árabes e árabes non musulmáns. De feito, os primeiros musulmáns que chegan á Península Ibérica nin falan árabe nin son árabes. Son bérberes comandados polo xeneral Tariq.

A comezos do s.VIII a morte do rei visigodo Witiza divide a nobreza visigoda en dúas faccións. Por un lado, a que apoia ao proclamado rei don Rodrigo, que fora *duces* da provincia de Bética e, por outro, os fillos de Witiza que reclaman o trono. Esta loita interna deriva na petición de axuda militar aos pobos do norte de África por parte dos descendentes do defunto Witiza. Así, no 711, na chamada batalla de Guadalete, as tropas de Tariq vencen as de don Rodrigo dando comezo á dominación musulmá da Península e rematando co Reino Visigodo.

De inmediato, o gobernador do norte de África, Muza, acudiu con máis tropas e emprendeu a conquista da península². A rápida conquista foi facilitada por pactos coa nobreza visigoda, á que se lle respectou a relixión e os seus bens, e a escasa resistencia da poboación, descontenta coa monarquía visigoda. En poucos anos só a franxa montañosa do norte escapaba ao dominio musulmán. Os musulmáns dominarán parte da Península até que en 1492 os Reis Católicos tomen Granada. Al-Ándalus é o nome que lle darán aos seus territorios da Península Ibérica. O legado de 800 anos será de gran valor.

A continuación repasaremos as diferentes etapas da Historia política destes 800 anos.

1. EMIRATO DEPENDENTE DE DAMASCO (711-756):

Al-Ándalus é un emirato dependente do Califato de Damasco. Esta primeira etapa caracterízase pola inestabilidade política e enfrontamentos militares entre os propios musulmáns. Os árabes establecéronse nas mellores terras do Guadalquivir, Levante e Ebro e, pola contra, os bérberes víronse relegados ás zonas montañosas e á Meseta.

As tropas musulmáns serán derrotadas polos Francos na Batalla de Poitiers (732) e centrarán a súa consolidación na Península ibérica.

2. EMIRATO INDEPENDENTE (756-929):

As revoltas ocorridas en Damasco por conseguir o poder terminaron coa matanza da familia gobernante dos Omeias a mans dos Abbásidas. Un omeia, **Abd al-Rahmán I**, foxe da matanza chegando até a Península onde consegue gobernar o emirato de Córdoba, declarando a súa independencia política, que non relixiosa, do Califato (756).

Trátase dunha etapa de consolidación do poder musulmán na Península, sendo o Emirato de Córdoba un referente no Occidente.

3. CALIFATO DE CÓRDOBA (929-1031)

No ano 912 chega ao poder **Abd al-Rahmán III** quen, en 929, creará o Califato de Córdoba, independizándose totalmente de Oriente, tamén desde o punto de vista relixioso. É a época de máximo esplendor económico e cultural do Al-Ándalus, especialmente durante o reinado de **Al-Hakam II**, fillo do

¹ Para a redacción desta pregunta consulte o material de Andrea Montero do IES da Guía [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/aulavirtual/course/view.php?id=37>], do IES San Rosendo [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^>] e os esquemas de Somohistoria de Miguel Abreira [<https://somohistoriaconmiguelabraira.blogspot.com/>].

² Sorprende a rapidez con que os musulmáns ocupan o territorio peninsular. Neste sentido, hai autores que non falan de conquista, senón de liberación. Nesta perspectiva, a poboación hispanogoda aceptaría a presenza dos musulmáns para librarse da opresión da nobreza visigoda e aceptaría a conversión ao Islam tamén como oportunidade de librarse da curia católica axudado polo parecido das relixións nesa altura. Esta perspectiva está baseada no tempo de ocupación así como na ausencia de prácticas propias de dinámicas de conquista.

primeiro Califa. Destaca Córdoba como centro cultural da Europa occidental, a construción da mesquita e o pazo real de Medina Azahara.

No terreo militar a figura máis destacada foi a de Almanzor (977-1002), primeiro ministro ou hayib, quen exerceu o seu poder de xeito ditatorial. Empezou numerosas campañas (*razzias*) contra os reinos cristiáns, sendo campañas de saqueo e destrución. Á súa morte, o Califato inicia a súa desintegración.

4. OS REINOS DE TAIFAS, ALMORÁBIDES E ALMOHADES (1031-1238)

No ano 1031 culmina un proceso de descomposición da institución califal e as tensións entre os distintos grupos étnicos darán pé a un proceso de fragmentación política que terminará na aparición dos **reinos de taifas***. Taifa deriva dun termo árabe que significa "facción" e aplicárase aos diferentes territorios independentes derivados da fragmentación do Califato. Esta situación beneficiará aos reinos cristiáns na súa expansión cara o sur. De feito, algunha destas taifas pagarán as *parias*, un tributo polo cal os reinos cristiáns ofrecerán a súa protección.

A caída de Toledo a mans de Alfonso VI, en 1085, provocou a chegada dos **almorábides**, chamados en auxilio polos reinos de taifas. Isto frea o avance cristián até que en 1145 novos conflitos internos no seno do imperio almorábide agravado polo seu rigorismo relixioso poñen fin a esta etapa. Aparece entón un novo período de fragmentación no mundo musulmán ata a chegada dos **almohades** (1147), que vencen a Alfonso VIII na batalla de Alarcos, en 1195. Este dominio almohade, sustentado sobre o dominio militar e sen moito apoio popular, será contrarrestado pola acción das ordes militares de Calatrava, Santiago e Alcántara. Derrotado na **batalla das Navas de Tolosa** (1212), o mundo musulmán volve a fragmentarse en taifas o que favorecerá o avance dos reinos cristiáns, quedando unicamente o reino nazarí de Granada.

En 1238 Muhámmad I instaura a dinastía Nazarí en Granada sendo o seu primeiro rei.

5. REINO NAZARÍ DE GRANADA (S.XIII-1492)

Durante este reinado alcanzouse uns niveis de riqueza e refinamento notable que lle permitiu construír exemplos tan magníficos como o Palacio da Alhambra. A súa riqueza permitiulle pagar impostos ao reino de Castela para evitar ataques.

Este reino caerá finalmente co avance dos Reis Católicos coa toma de Granada o 2 de xaneiro de 1492.

CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS:

A sociedade no mundo musulmán era moi diversa e heteroxénea. Existía tolerancia relixiosa, fundamentalmente coas relixións do Libro, isto é, cristiáns e xudeos. Así é todo, non era unha sociedade igualitaria e existían diferencias entre os diferentes grupos. Podemos distinguir cinco grandes grupos.

Árabes e sirios: Constituían a elite política, económica e militar de Al-Ándalus. Eran minoría pero ocupaban as mellores terras e os postos de fundamentais do goberno.

Bérberes: Procedían do norte de África e ocuparon terras menos fértiles.

Muladíes: Son os cristiáns que se converteron ao Islam. Pagaban menos impostos e dispuxeron de certo recoñecemento xurídico.

Mozárabes*: Cristiáns que conservaron a súa relixión. Eran minoría e tiñan que pagar máis impostos.

Minorías: Conformanas os xudeos, que vivían en barrios diferenciados nas cidades; os escravos de orixe africana ou eslava.

O mundo musulmán recupera o pulso da vida urbana das cidades (Córdoba foi a principal cidade do Occidente no s. X) e funda novas cidades de carácter estratéxico (Almería, Calatayud, Tudela ou Madrid). As cidades son o escenario dunha potente vida artesanal e comercial destacando o espazo do zoco (mercado) ou a emisión de moeda.

O sector agrícola verase beneficiado coa incorporación de novas técnicas e cultivos que crean unha agricultura moi rica e variada (cana de azucre, arroz, produtos de horta, cítricos, sistemas de regadío).

Durante o período de Al-Ándalus produciu grandes exemplos artísticos: a Alhambra, a Mezquita de Córdoba ou a Xiralda de Sevilla (antigo minarete) son bos exemplos. Mais tamén foi berce de destacados cartógrafos, matemáticos, médicos ou enxeñeiros. No seu tempo, Al-Ándalus foi o centro do saber europeo.